

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALLEGAS DE CUBA PARA O MANTENIMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN CUBA E DOS PUNTOS DE INFORMACIÓN PROVINCIAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Federación de Sociedades Gallegas de Cuba o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Federación de Sociedades Gallegas de Cuba para o mantemento dun punto de información e asesoramento social e ademais colaborar na difusión e xestión dos programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio asistencial.

A dita oficina ten como finalidade realizar un labor de difusión, asesoramento, información e colaboración na xestión das solicitudes dos programas e actividades que desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración, e a prestar un servizo de calidade e proximidade á galegidade residente en Cuba.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para conseguir o obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Federación de Sociedades Gallegas de Cuba é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa un total de corenta e seis sociedades galegas. Está rexistrada como federación galega no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración e ten a súa sede social no Palacio do antigo Centro Gallego de La Habana. Dispón de importantes instalacións e é a entidade galega de referencia en todo o país caribeño; ademais de desenvolver actividades que contribúen a manter e reforzar os vínculos coa galegidade cubana e á difusión do noso patrimonio cultural e artístico.

Na sede desta entidade vén funcionando desde o ano 2007 a Oficina de Información e Asesoramento, creada ao abeiro do convenio de colaboración asinado o día 6 de xuño daquel ano, a través da que se está a desenvolver un labor de difusión, asesoramento, información e colaboración na xestión das solicitudes dos programas e actividades que



desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración, e a prestar un servizo de calidade e proximidade á galegidade residente en Cuba.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará sesenta e cinco mil euros (65.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, código do proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade, única de estas características en Cuba, é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, polo que non é posible promover a concorrència pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

